

# OBRADOIRO

COMISION DE CULTURA DO C.O.A.G. • NOVEMBRO DE 1978 • NUM. 1



**I XORNADAS  
DE ARQUITECTURA  
GALEGA**

# OBRADOIRO

COMISION DE CULTURA DO C.O.A.G. • DECEMBRO DE 1978 • NUM. 1



## I XORNADAS DE ARQUITECTURA GALEGA

## OBRADOIRO

Revista de arquitectura e urbanismo

Comisión de Cultura do COAG  
Departamento de Publicacións

Montero Ríos, 26-1.º dta.  
Santiago de Compostela

DIRECTOR:

Juan González Cebrián, decano

CONSELLO DE REDACCION:

Tomás Pérez-Lorente Quirós  
Celestino García Braña  
José Alvarez-Ude de la Torre  
Pedro de Llano Cabado  
Xosé Lois Martínez Suárez  
Manuel Castro Vila  
Xaime Garrido Rodríguez  
Santiago Puentes Colorado  
Santiago Seara Morales

Secretaría de Redacción  
Comisión de Cultura do COAG

IMPRIME:

Offset «La Voz de Galicia, S. A.»  
A Coruña

PORTADA:

Fotografía de Xerardo Estévez

# LIMIAR

A Comisión de Cultura do COAG dedica este primeiro número de OBRADOIRO a recoller as ponencias das I Xornadas de Arquitectura Galega, que tiveron lugar no mosteiro de Poio (Pontevedra) os días 17, 18 e 19 de xuño de 1977, coa asistencia dos seguintes colexiados: ALCALA NAVARRO, Alfredo; ALMUIÑA DIAZ, Carlos; BALTAR TOJO, Rafael; BAR BOO, Xosé; CAMPOS DE MICHELENA, Pascuala; CASABELLA LOPEZ, Xosé Manuel; CATALAN PEREZ DE LIS, José María; DIEGUEZ PAZOS, Jesús; ESTEVEZ FERNANDEZ, Xerardo; FERNANDEZ-ALBALAT LOIS, Andrés; FERNANDEZ DE CALEYA BLANCKEMEYER, Julia; FERNANDEZ PUENTES, Ana; FREIRE CORZO, Xosé Francisco; GALLEGO JORRETO, Manuel; GONZALEZ-CEBRIAN TELLO, José; HERMO TUÑEZ, Xosé; IGLESIAS MIÑO, Francisco; MARTINEZ SARANDESES, Fernando; MARTINEZ SUAREZ, Xosé Lois; MASSO CALZADO, José Luis; MEIJIDE CALVO, Carlos; OTERO POMBAR, José Luis; PELETEIRO BANDIN, Manuel; PEREZ LOPEZ DE GAMARRA, Juan; PEREZ-LORENTE QUIROS, Tomás; PEREZ VALCARCEL, Juan; PORTELA FERNANDEZ-JARDON, César; REBOREDO SANTOS, Manuel Andrés; REY-CABARCOS VAZQUEZ, Juan Ignacio; RIVERA LOPEZ, Ramón; SEARA MORALES, Santiago; SILVA SUAREZ, Miguel; SUANCES PEREIRO, Javier, e TARRAGO CID, Salvador.

Ao cabo daquelas I Xornadas, acordouse facer unha nova convocatoria ao ano seguinte, convocatoria que a Comisión de Cultura remesou a todos os colexiados no mes de marzal de 1978, pero que houbo de ser aprazada por razóns alleas a esta Comisión. En breve farase unha nova convocatoria para a celebración das II Xornadas de Arquitectura Galega no curso do presente ano, para as que xa están inscritas algunhas ponencias.

---

# ALOCUCION INAUGURAL

Xosé Bar Bóo

---

Coa inauguración destas Xornadas comeza por fin a cobrar realidade un desexo tan anxeiado como sempre aprazado por grande parte dos que estamos aquí reunidos. Este desexo implica unha necesidade que ninguén nola pode remediar. Unicamente nós mesmos poderemos acometela porque se trata precisamente do replantexamento da nosa actividade arquitectónico-urbanística dentro do contexto de Galicia.

A urxencia de someter a debate este longo período de polo menos cuarenta anos, que coincide coa desfeita urbana e a desertización do interior producidos pola retrasada e incipiente industrialización de Galicia, é obvia diante duns resultados francamente defraudantes, tanto na área urbana como na rural.

Do estudo retrospectivo do noso traballo no noso medio, que será indubidabelmente difícil e longo, deberán surxir conclusións que, aínda que por si soas non poderán remediar tantos males, sí axudarán a clarexar cando menos as causas de tan lamentábel situación.

Por mais que con esta intervención, moi breve, somente pretendo inaugurar estas Xornadas, non quería deixar de dicir, en-

trando xa en materia, que, na miña opinión, a causa principal da nosa desgraciada aportación á cultura de Galicia é que sempre operamos fóra do noso medio cultural. No urbano porque é inculto, conservador e estritamente especulativo; e no rural porque está adornado, detido hai séculos. Así, perante tan adverso medio, que con só a nosa acción profesional non podemos en absoluto modificar nen conmover o mais mínimo, encastelámonos, enclaustrámonos en nós mesmos, afastándonos culturalmente cada vez mais do noso pobo; ou, doutro modo, aceptamos ser sempre reconducidos a dar forma ás esixencias espaciais, terriblemente mercantilizadas e carentes do mais pobre valor cultural, é dicir, amoldámonos a facer o que estamos a facer e detestamos. Con estas e outras moitas Xornadas imos tentar remediar a situación, cando menos no que de nós depende.

Plantexado así o problema, coido que apenas podemos facer nada positivo dentro do noso propio camiño se antes non se remedia politicamente este enorme atraso cultural que fai imposible a asimilación do mais pobre intento. E, con estas brevísimas palabras, como dixen, dou por rematada a miña intervención para ceder a palabra ao noso amigo e compañeiro Tomás Pérez-Lorente.



Aspecto xeral de Tui. (Arq. G.E.G.)

---

# INTRODUCCION

Tomás Pérez-Lorente Quirós

---

En nome da Comisión de Cultura, douvos as gracias a todos pola vosa asistencia a estas I Xornadas de Arquitectura Galega. O seu éxito será non só un éxito para esta Comisión, que sería o de menos, senón unha razón mais para a súa supervivencia. A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia terá unha razón para existir se as súas actividades interesan a un número importante dos seus colexiados, e este interés será tanto maior canto mais perto da problemática colexial se desenvolva o seu eido de actividade.

Cando se iniciaron as primeiras conversas para o desenrolo destas Xornadas, todo era unha pura dúbida, mesmo o nome delas. O xeito de enfocar o seu desenrolo iba, dentro do abano de posibilidades, desde unha serie de charlas doctrinais até, no extremo contrario do abano, unha serie de coloquios sen temática previa. Optouse pola solución tradicional de charlas a modo de ponencias seguidas de debates, pero co compromiso previo de tentar converter eses debates no mais importante das Xornadas. As ponencias non serán, por parte do ponente, unha exposición de teorías con resultados e solucións, senón que pretendemos sexan unha sementeira sistemática de dúbidas, de xeito tal que, supoñendo unha alta intervención nos debates, poidamos entre todos centrar o tema da arquitectura galega.

Non entremos a analizar as nosas posibilidades de actuación ante o entorno socioeconómico ou político nacional, estando como estamos diante de importantes perspectivas de transición. Limitémonos ás nosas posibilidades na rexión, para desenrolar o noso traballo en beneficio auténtico de todos os estamentos da sociedade galéga. A Comisión de Cultura ten unha meta mais cobizosa para estas Xornadas, e a súa posibilidade ha ser analizada entre todos. Esta meta é a redacción final dun manifesto, é un reto que desde a Comisión de Cultura lanzámosvos a todos os que estades aquí. Manifesto que pode ser un futuro instrumento de traballo; ou un simple exame de conciencia, ou a enumeración de principios para unha futura liña de acción; ou unha chamada á sociedade para solicitarmos a súa colaboración en prol dun millor vivir para os usuarios do hábitat galego; ou un ofrecemento de colaboración para redactar un futuro e correctamente plantexado Plan Territorial de Galicia; ou mesmo, incluso, como triste e desconsolador final, unha declaración colectiva de incapacidade polas presións a que está sometida a nosa profesión, que limitan o desenvolvemento da nosa actividade no xeito que consideramos sería mais positiva para a sociedade do noso entorno.

Será o que decidamos, en caso de que decidamos que sexa.

Unha introdución leva aparelada unha alta dose de ambigüidade. Pesie a iso, quería dar o primeiro exemplo de centrar o tema e poñer os primeiros grans de semente nesta sementeira de dúbidas. Neste punto, o lóxico sería comezar por facer un recorrido no eido da arquitectura galega dos últimos tempos. O traballo realizado por Carlos Almuña e Xosé Luis Martínez no libro que sobre González Villar publicou o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia exíme-me delo. Coido que este traballo debe estar presente nestas Xornadas como unha ponencia mais. Unha ponencia de análise moi rigorosa, de influencias internas e externas no eido da nosa arquitectura rexional.

Existindo, pois, este estudo previo, imos comezar plantexando o problema. Por facelo dalgún xeito, utilizarei a definición de arquitectura por Platón:

«A arquitectura implica unha ciencia que ten, por así decilo, a súa orixe na acción e produce cousas que non existen mais que de seu e que non existían anteriormente».

A este concepto de Platón non hai nada que opoñer, enfocando o problema dende o punto de vista puramente físico. Antes de fabricar os elementos cos que se construí o edificio e antes de os enlazar entre si, nada existía fóra dos materiais que forman eses elementos e o seu destino puido ser calquera outro diferente ao de empregarlos na construción. Pero eu penso que, unha vez rematado un edificio, ten intervido nel o factor de creación do arquitecto, como elemento determinante da súa existencia e das súas cualidades. E este factor de creación si era algo anterior ao edificio, non só en si mesmo, senón en toda a gama de experiencias anteriores, constituída polas ensinanzas recibidas, produto á súa vez do construído anteriormente, a través da historia do home.

Esta existencia anterior á da obra en si, de coñecimentos e valores que van configurando a cultura arquitectónica e que conflúen decisivamente no feito físico posterior, temos de aplicala como elemento de base para estas Xornadas. ¿Existe, pois (e aquí comezan as dúbidas que deberían facer deste coloquio o protagonista das Xornadas) unha arquitectura galega que, a través de xeiras anteriores, criou un campo de realización capaz de producir en nós coñecimentos aplicábeis ao noso sistema de traballo? ¿Existe ou existiu unha arquitectura galega con invariantes estéticos e de deseño que




Foto C. Flores

estea influindo na arquitectura actual, de costas quizais ao noso propio coñecemento, insensibelmente, sen que apreciemos a súa forza imperceptíbel de persuasión? ¿Existen, gracias ao anterior, unhas constantes estéticas e construtivas que estean condicionando o noso quefacer, de xeito que poidamos afirmar a existencia dunha arquitectura galega actual e esta arquitectura galega actual, fundamentada na realizada en épocas anteriores, forma con ela un conxunto homoxéneo que poidamos chamar arquitectura galega? Imos iniciar unha análise destas dúbidas.

A historia da humanidade é un reflexo do cambio constante de valores que vai condicionando os cambios de civilizacións e definindo de vez as distintas culturas. Estas inflúen no eido das Belas Artes e van determinando os seus diferentes estilos e tendencias a través da historia. Este cambio continuo ten un ritmo que se acelera co paso do tempo. A permanencia no tempo dun estilo ou duns principios culturais contrasta coa fugacidade actual. A arquitectura, ao longo da historia, é un elemento cultural mergullado nese xogo de cambios, mais para se adaptar a eles dispónse duns materiais que, en troques, non varían e vense afectados, ao construír e constituir entre eles volumes, por unhas leis físicas inmutábeis. Coincidindo coa aceleración no ritmo de cambio dos últimos tempos, recibe a arquitectura a aportación de novos materiais, que con novas solucións estruturais anulan as limitacións que condicionaran o seu desenrolo. Logo dun período inicial en que estes novos materiais adoptaron as formas vixentes no momento do seu nacemento, comeza unha etapa en que as posibilidades construtivas crian a súa propia linguaxe de expresión.

A historia da humanidade é tamén a historia de Galicia, ou mellor, a historia de Galicia participa das constantes da historia da humanidade e adáptase a ela dentro das súas peculiares características. A súa situación socio-económica non permite a aparición dunha clase media acomodada até época recente. Durante séculos a poboación galega estivo composta por un curto número de señores e un resto que, dentro de toda unha gama de oficios e de servizos, pódese definir pola súa condición económica como en simple vasalaxe. Os primeiros constrúen unha arquitectura mais ou menos monumental con escasas influencias extrarrexionais; os segundos constrúen todo o inmenso patrimonio da nosa espallada edificación rural. Nen nunha nen noutra aparecen mostras dunha excesiva riqueza ornamental, aquela que o noso mestre Víctor D'Ors, o noso excelente e divertido mestre, polo menos para algúns de nós, calificaba de falsa por náda fóra, baseándose no sentido etimolóxico da palabra *ornato*. Estamos diante dunha constante evidente, negativa en canto á non existencia dos elementos postizos destinados a criar beleza posterior á solución dos problemas construtivos; positiva, en canto á veracidade das solucións. Veracidade que se rompe en parte e transitoriamente con algúns elementos do barroco compostelano. Esta veracidade é unha constante que, atévome a afirmalo, permanece ao longo da historia da arquitectura galega e que ten unha das súas razóns de ser no emprego continuo e masivo da pedra. Con ela non se poden facer malabarismos construtivos e todas as solucións que se adopten han ser por forza solucións construtivas. O

outro elemento, a madeira, que coa pedra formou o binomio de apoio, tamén foi empregado coa mesma veracidade. Unha galería, exemplo típicamente galego de construción, é o exponente culminante do emprego da madeira en Galicia e constitúe un tratado perfecto da construción en madeira. Non existen nela elementos de decoración que non cumpran unha función construtiva. É precisamente nestas galerías onde se ten producido unha pervivencia de formas a través dos tempos. As súas tramas permiten a súa total integración nas solucións actuais de pechamentos, permitindo unha auténtica harmonía atonal entre edificios de distintas épocas. Existen tamén unha serie de invariantes, tanto en función de técnicas construtivas como de deseño, entre a arquitectura dos señores e a do pobo, pero estas invariantes non poden entrar no xogo da arquitectura cidadana e, o que é mais triste, están aí esquecidas, agardando un posíbel renacemento.

Nunha época como a actual, cunha forte demanda de vivenda unifamiliar, atopámonos traballando de costas a todo ese riquísimo caudal de experiencias. A vivenda actual do rural ou a vivenda do extrarradio, cos seus propietarios que abranguen todo o campo social e económico, non aproveita en termos xerais as experiencias anteriores.

A arquitectura vai vivindo o seu desenrolo en Galicia, reflexando as súas peculiaridades e, logo do renacemento cultural do pasado século, comeza a recibir fortes influencias extranxeiras, para vivir ao cabo a apaixonante aventura do desenvolvemento tecnolóxico. Atopámonos, pois, repasando deste xeito tan esquemático a historia, que nun momento dado, por obra e gracia dun cambio producido pola tecnoloxía, a tradición perde para a arquitectura a vixencia que mantivera a través dos séculos. Unamuno escribe en *La tradición eterna*: «Os xornais non din nada da vida silandeira dos millóns de homes sen historia que en todos os países do globo se erguen a unha orde do sol e van aos seus eidos proseguiren o escuro e calado labor cotidiano e eterno. Ese labor que, como o das madreporas suboceánicas, bota as bases sobre as que se erguen os illotes da historia. Sobre o silencio augusto apóiase e vive o sonido, sobre a humanidade silandeira érguense os que fan barullo na historia. Esta vida entre histórica e continua, como o fondo mesmo do mar, é o celme do progreso, a verdadeira tradición, a tradición eterna, non a tradición-mentira que se adoita ir percurar no pasado soterrado en libros e papeis, en monumentos e pedras». E máis adiante continúa: «Maniféstansenos estes tradicionalistas de acordo con estas verdades, pero no seu corazón rexéitanas. O que lles pasa é que o presente abróuxaos, embrúllaos e maréaos porque non está morto, nen en letras de molde, nen se deixa apreixar como unha osamenta, nen cheira a pó, nen leva certificados ao lombo. Viven no presente como sonámbulos, descoñecendo e ignorándoo, denigrándoo sen coñecelo, e incapaces de descifralo con alma serena».

É esa serenidade de alma, ese perfecto senso do que é o auténtico valor profundo da tradición, o que nos ha servir para a nosa procura da verdade ao longo do noso traballo en común estes días.

Imos utilizar de novo o pensamento de Platón, xa que comezamos apoiándonos nel. Nalgún punto dos seus escritos afirma que a

arquitectura é esencialmente pedagóxica. Ao meu xuício, e admitindo plenamente a verdade da afirmación, este concepto de pedagogía ten a dobre vertente da enseñanza do millor preparado técnica-mente cara ao que careceu desta preparación, vertente na que entramos nós de cheo e podería ser un motivo de sincera reflexión. E, por outro lado, a enseñanza das técnicas construtivas e do tratamento dos materiais de construción dunha xeración á seguinte, froito dunha tradición secular. Esta última configura a bondade dos oficios da construción e, polo tanto, dela mesma. En Galicia, toda a riquísima experiencia do oficio da cantaría está en trance de morrer. A súa pervivencia en casos excepcionais e illados non pode alterar esta afirmación. As mesmas técnicas e materiais utilizados para revestir paramentos de cantaría cando esta non se quería deixar á vista, como a argamasa de cal con auga de mar, desapareceron substituídos por outros, de efectividade non contratada como as anteriores.

Oficios sen raizame nen tradición en Galicia como a albañilería, pasan a un plano predominante no desenrolo da obra arquitectónica. As escolas de formación profesional configúranse como algo vital para ensinar as novas técnicas a unha man de obra que non pode recibir, como noutras rexións, esa enseñanza polo camiño da tradición. Hai poucos anos e patrocinada por unha entidade bancaria (non quero citar nomes por unha ética elemental), realizouse unha experiencia de tratamento de fachada con labra de pedra, de pedra de verdade, do noso entrañábel perpiaño. E durante uns días, como o canto do ciño, púidose ouvir en pleno centro de Vigo o cantar da pedra nunha obra. Ese cantar da pedra que, coa linguaxe dos canteiros, constituía unha comunicación a distancia hoxe endemal desaparecida. Ese canto da pedra que moitos de nós, e non somos tan vellos, lembramos como algo que acompañaba sempre a quen pasaba por diante dunha obra. O derradeiro bater de asas produciuse en Lugo na mesma entidade bancaria. Logo, o cativo eco do esforzo e o custo da man de obra apagaron o canto. Ninguén, dentro do eido da cultura galega, erguéu unha voz de alento e a realidade económica, orfa doutras compensacións, fixo cambiar as técnicas. Isto pode parecer normal, pero en Galicia representa a morte dun quefacer tradicional e equival a decir que todas as ensinanzas acumuladas e transmitidas a través dos anos carecen de utilidade. A pedra segue aí, constituí o cerne mesmo de Galicia e o Colexio, en forma de premios anuais, ou solicitando desgravamentos de impostos de tipo rexional, ou como fose, debería de loitar para que continuase saíndo á luz e colaborando, como sempre fixo, con nós e coa nosa arquitectura.

Se a todas as dúbidas apuntadas ao comezo acumulamos as últimas que tentei facer surxir en vós, ¿qué nos queda? ¿Existe ou non algo firme no que poidamos apoiarnos para pensar na existencia dun posíbel concepto de arquitectura galega que, alén do seu valor histórico de museo, sirva para apoiar nel o noso traballo e o dos que conosco colaboran?

Kandinski fala da ollada interior. Desa ollada di que pasa a través da dura envoltura da forma exterior, penetrando até o mais fondo das cousas e nos fai percibir con todos os sentidos a súa pulsa-



Vista xeral de Allariz. (Arq. G.E.G.)

ción íntima. Penso que esa pulsación íntima podería ser no noso caso a alma galega. A súa percura, a percura do seu reflexo na arquitectura, será o que teremos que esperar entre todos se queremos que siga latexando detrás das nosas obras. Alma galega que ten unha existencia indubidábel e que, ao meu xuício, foi a grande ausente do urbanismo galego nos últimos anos. Alma galega que, como un trasfondo da nosa rexión, quizais debemos percurar nunha meirande unión con outros eidos da cultura nos que penso que non buscamos o apoio necesario.

Hoxe temos algo que pode ser un fermoso regalo para Galicia se non se malogra. Estoume referindo á Escola de Arquitectura. Esta unión co resto dos eidos da cultura que ogallá puidésemos introducir no ensino desta Escola que agora nace, produciu os froitos, os fabulosos froitos da Bauhaus. No seu primeiro programa, publicado en 1919, escribíase: «A construción completa é o obxectivo final das artes visuais. A súa mais nobre función era noutros tempos a decoración dos edificios. Estas, as artes visuais de hoxendía, sobreviven nun illamento do que só poden ser tiradas polo esforzo consciente e coordinado de todos os artífices. Os arquitectos, os pintores

e os escultores teñen que recoñecer o carácter complexo do edificio como entidade unitaria. Só entón o seu traballo ficará investido do espírito arquitectónico que agora ten perdido. Todos nós, arquitectos, escultores e pintores, debemos voltar ao oficio. A arte non é unha profesión, non existe diferenza ningunha esencial entre o artista e o artesán. Formemos unha soa comunidade de artífices sen a distinción de clases que ergue unha barreira arrogante entre artesán e artista, concibamos e criemos xuntos o novo edificio do futuro que será ergueito un día cara o ceo pola man dos traballadores como símbolo dunha nova fe».

É para min tanta a súa vixencia hoxendía, pasados os anos, que, se non tivese sido escrito xa e fose eu capaz de concebilo, atreveríame sen dúbida a propoñelo como punto de partida para este manifesto. Penso que gastei ou malgastei o meu tempo de sementeira. Imos deixar que os ponentes inicien de verdade o desenrolo destas Xornadas e que, entre todos, de acordo coas intencións tantas veces repetidas da Comisión de Cultura, sexamos capaces de recoller algún froito.

Gracias outra vez.

---

# O MEDIO RURAL

Manuel Gallego Jorreto

FOTOGRAFÍAS DO AUTOR

---

## ENFOQUE DA PONENCIA

Evidentemente, o título suxere multitude de enfoques: o medio rural galego poderíamolo estudar desde puntos de vista espaciais, socioeconómicos, xeográficos, etc.

O seu eido restrínxese e entendo que adquire o seu sentido nestas primeiras xornadas ao referilo ao título xeral: A Arquitectura Galega.

Se observamos os títulos das outras ponencias, «O rural urbano», «As vilas» e «As cidades», parece que se pretende, a modo de guión para a discusión, referir a arquitectura galega a distintos medios, pór o acento nunha territorialidade que, en principio, presupónse con caracteres determinantes sobre a súa arquitectura.

Ao falar desta arquitectura, entendo que hai que facelo referido ao presente, é dicir, eliminando no posíbel abstraccións e, por tanto, ligándoa aos procesos de transformación do seu medio; e ao papel que o arquitecto xoga no seu proceso de formación.

En resumo, analizarei a arquitectura que se está a facer, a que existe e a que facemos nós. En certo modo, serán unhas reflexións sobre a realidade que nos rodea. Por suposto, esta pretendida descripción ou análise da realidade non tenta ser obxectiva, está chea de subxectividade. Esta afirmación, por unha parte, disculpa as faltas de rigor e de detalle das sucesivas análises e, por outra, xustifica o desexo polémico que encerra sempre o tomar partido por unha postura, tema que considero obxectivo principal da ponencia, incitar ao diálogo no seu posterior desenrolo en coloquio.

## XUSTIFICACION DO ENFOQUE

A práctica profesional analízase como é lóxico, a través dos seus condicionantes, e pénsase que incidir sobre eles, xa sexan socioeconómicos ou políticos, mediante uns postulados ideolóxicos, posibilitará outra arquitectura.

Normalmente, este último camiño lévanos a posturas mais ou menos maximalistas, e non entro en xuício de valor sobre o termo maximalista.

A dificultade que estes plantexamentos entrañan ao plasmalos na práctica, orixina normalmente valeiros nas actuacións inmediatas, producíndose o feito de que as actividades ideolóxico-culturais

dos profesionais e as súas agrupacións, Colexio, etc., céntranse nun nivel amplo e xeral, marxinándose destas actividades culturais o concreto, a práctica profesional, é dicir, a inmediata proxectual e construtiva. E así, dun xeito consciente ou inconsciente, compatibilízase unha inquietude cultural cunha práctica profesional de pouca ou nula calidade arquitectónica.

Por outra parte, este afastamento do cotidiano marxina un dos factores importantes, que en principio nos incitaría a someter a revisión os nosos modelos culturais e o propio concepto do arquitecto nesta sociedade; é dicir, a realidade que nos envolve, coas súas tensións e as súas pautas de comportamento que condicionan unha práctica profesional.

Esta situación que estimo xeneralizada (e xa non me refiro só a Galicia), entendo que se dá entre nós e manifesta unha profunda contradición entre o que se fai e o noso achegamento ao mundo da cultura a outros niveis. E se isto é xa de seu grave, en canto é unha pura contradición, por manifestar unha falsa cultura, éo mais o tremendo risco de esterilidade que encerra.


## A ARQUITECTURA NO MEDIO RURAL

Parece que un enunciado tan claro xa centra totalmente o tema, pero considero que precisa certas reflexións previas que nos levan a cuestionar o propio título da ponencia. A primeira reflexión nace como consecuencia de tentar definir o medio rural galego.

¿É que se pode acotar doadamente este medio rural? ¿Os seus límites, son claros e precisos?

A definición elemental á que nos ten tan afeitos a lexislación urbanística consiste en proceder por exclusión: é rural o que non é urbano e no contexto destas xornadas, é rural o que fica despois de restar o rural-urbano, as vilas e as cidades. Sen entrar nunha análise socioeconómica da actual problemática do medio rural galego, pódese dicir que a definición xenérica deste medio, como medio suxeito a modos de vida ligados fundamentalmente ao medio natural, de economía pecha, de autoconsumo, precapitalista, encerra un certo estatismo.

A superestruturas económica e social na que está mergullado vai erosionando e alterando fondamente a súa organización. Aínda cando non existen unhas directrices de ordenación, si existen uns factores condicionantes, que organizan directrices de modificación.



As leis de produción e mercado, os medios de comunicación e transporte, as modificacións nos modos de vida urbanos etc., actúan e distorsionan o mundo rural. E se isto o podemos afirmar en sentido xeral, en particular o medio rural galego, que posuía xa unha estrutura complexa de asentamentos humanos —abonda lembrar as súas 32.000 entidades en 29.000 km<sup>2</sup>, cun peso demográfico do 67%—, adquire unha complexidade nova, produto do seu dinamismo.

A todo isto hai que engadir, xa concretamente, as múltiples implantacións e accións que se están a realizar sobre o noso medio: industrias importantes (celulosas, siderúrxica, alúminas, centrais térmicas, nucleares, etc.), novas vías de comunicación, que van dende a reestruturación de novas vías de IRYDA até a autopista, problemática do sector pesqueiro, accións puntuais turísticas na costa, volta dos emigrantes, etc. Todas elas repercuten de forma moi importante, xa modificando os sistemas de vida e relación ou transformándose en centros catalizadores das distorsións do anterior medio rural.

A sensibilidade deste medio a estas accións é produto das súas propias características, que o fan reaccionar dun xeito determinado, o que orixina que os fenómenos que resultan adquiren unha certa peculiaridade dentro do xeneralizábel do proceso histórico da súa transformación.

Neste medio complexo e dinámico, a ruralidade é un factor condicionante de todo o territorio, como substrato de permanencia dunha cultura en continuas tensións. De todo iso podemos resumir:

a) Que todas estas accións distorsionan tan profundamente o medio rural, que xa non é válido falar dunha situación propiamente rural e homoxénea.

b) Que a complexidade propia do medio rural galego, do seu hábitat, complícase aínda mais, esixindo revisións do propio concepto do feito urbano.

O ruralismo impregna grande parte dos núcleos que se consideran urbanos. Por tanto, concluímos decindo que, aínda cando se acepte unha definición do medio rural galego como artificio de análise, leva implícita unha perigosa simplificación, polo que debemos ter presente que este medio adquire sentido referido á globalidade do territorio.

Voltando ao título deste apartado, a arquitectura no medio rural galego, a seguinte reflexión ven obrigada despois desta primeira análise.

¿Ten sentido falar da arquitectura do medio rural? Ou, dito doutro xeito, ¿esta arquitectura ten hoxe un carácter específico?

Se o que pretendemos analizar é o feito arquitectónico, é evidente que este, como arquitectura de autor, é independente do medio no que está ubicado. Como acción proxectual a través da postura do arquitecto, a referencia ao medio rural é un dato mais, unha particularidade da complexa relación do feito arquitectónico co seu contexto, cun medio. Parece clara, pois, a pouca entidade que ten o definilo, de xeito xeral, en base a que estea ubicado nun medio ou noutro.





Seguindo con este proceso discursivo, semella lóxico, como paso seguinte, analizar moi brevemente que arquitectura se fai hoxe no medio rural. E así, citando moi sintéticamente realízanse hoxe neste medio:

- a) Industrias e servizos;
- b) arquitectura urbana, denominando así aquela que introduce modos de vida novos neste medio, novas tipoloxías, agrupacións de vivendas, bloques con programa complexo ligados a modos de vida urbanos;
- c) vivenda unifamiliar, primeira ou segunda residencia ligada á cidade pola vida dos seus habitantes;
- d) as construcións rurais existentes (a chamada arquitectura popular);
- e) as construcións que nacen como transformación e modificación das anteriores;
- f) vivendas unifamiliares de nova planta, primeira residencia do home ligado social e economicamente en grande medida ao medio rural.

Despois desta simple enumeración e do dito até agora, resulta claro que a arquitectura máis específica deste medio é a que constitui a vivenda rural e as súas dependencias anexas, xa que é a máis ligada á vida rural, é dicir, a máis dependente duns modos de vida diferenciais.

Ao chegar a este punto, podería plantexarme dentro deste contexto a análise do feito arquitectónico singular, adoptando unha postura analítica e crítica da obra individual, da obra persoal singularizada nalgún arquitecto. Lévanme a desbotar este camiño dúas razóns, unha que o labor do arquitecto no tema da vivenda rural é moi pobre, e outra máis profunda que é a seguinte: pretendo analizar e observar o feito arquitectónico como proceso en transición, movido por forzas extraprofesionais, o que leva implícitas análises que, aínda cando sexan elementais, mergúllanme na realidade condicionante duns resultados, incidindo directamente na práctica cotidiana dunha arquitectura. Penso que a discusión plantexada por este camiño é máis ricaz, permitíndome mesmo cuestionar o propio papel do arquitecto.

## A ARQUITECTURA POPULAR

Ao estudar esta arquitectura, a tradicional deste medio, soise marxinar a idea do feito arquitectónico en transformación, como arquitectura en proceso evolutivo.

Defínese como artesanal, anónima, feita polo pobo con modelos aceptados e compartidos, e ligada aos materiais e técnicas da zona. É a arquitectura utensilio do home rural. Como resposta ao medio, ás súas necesidades e a un sistema socioeconómico. En Galicia adquire unha personalidade propia, con peculiaridades diferenciais con coherencia, que a definen das dos espazos circundantes. Algunha vez teño tencionado analizar tipoloxicamente, buscando interpretación espacial en algo mais que nun funcionalismo físico, como resultado do continuo diálogo do home co seu medio, a través da súa creatividade, considerando esta arquitectura como un elemento mais do medio físico formal, modelado pola cultura do home.

Con frecuencia esta arquitectura, que nos asombra tantas veces, fíxase como prototipo do que é arquitectura popular e, ao facer

esta, en certo modo fíxase como valor abstracto, independente do seu contexto histórico. Criterio que condiciona case sempre todas as opcións que se dan para a súa conservación.

A realidade do noso medio, a súa continua transformación, a nova complexidade que adquire e á que xa fixen referencia, fan que esta arquitectura non sexa xa tan coerente co seu medio. Este non é o que a viu nacer, é, pois, esta arquitectura case sempre un vestixio histórico, algo que perdura nun mundo en trance de desaparecer, xa que, como se dixo, non perviven moitas das causas que a fixeron nacer.

Deste xeito, o seu valor é hoxe diferente ao que tivo cando se fixo, o seu significado é distinto, aínda que perdure como vestixio dun medio en continuas transformacións. Pero estas transformacións modifican tamén esta arquitectura, por iso digo que está en trance de desaparecer.

Voume referir precisamente a esta arquitectura que se modifica respondendo á incerteza dunhas estruturas que evolucionan en





continuas tensións e que, en definitiva, son as do seu protagonista, o home e a súa cultura, que a habita e a construí.

A evolución desta arquitectura, como primeira aproximación, podemos sinalar que se realiza en dous niveis: a) pola súa transformación, e b) pola creación doutra nova.

As modificacións realízanse sempre á marxe dun código de «valores cultos», con total independencia de que iso supoña a destrución total ou parcial de elementos importantes. As necesidades privan sobre outras concepcións, a escala de valores nada ten que ver coa do arquitecto que, curiosamente, defínea como popular e defíndea como tal, moitas veces en nome do pobo. Aínda que esta afirmación é moi esquemática, encerra de seu un feito importante, a falta de flexibilidade da visión arquitectónica culta e a súa desconexión en grande medida do mundo que a rodea.

Non é normal en Galicia a modificación ou adaptación desta arquitectura a outras formas de vida, respectando e conservando o seu carácter formal, tal como sería o desexo do arquitecto, tal como ocorre nalgúns casos de adaptación da casca a segunda residencia. De todos os xeitos, este feito é a recreación da súa arquitectura e o resultado é evidente que nada ten que ver coa arquitectura popular. Tampouco se dá o que ocorre noutros países, onde as políticas de conservación son rixidas e obligan ao mantimento da súa aparencia, asunto este que nos levaría a unha longa disgresión sobre o tema de conservación ou rehabilitación.

De todos os xeitos, parece claro que esta arquitectura así transformada é outra arquitectura, e que moitas veces a salvaguarda de valores formais encerra unha gran falta de creatividade.

A súa realización supón que esta visión «cultas» é compartida e vivida en grande medida polo mundo rural, o que moitas veces implica que o mundo rural xa se redimiu do que supón a vida rural como sistema degradado de vida. Non é o momento de analizar as causas que orixinan esta transformación; en parte están indicadas a nivel de referencia esquemática ao falar do medio.

Non obstante, e tamén ao mesmo nivel esquemático, hai que sinalar:

1. A supervivencia en Galicia de dúas culturas defrontadas, a rural e a urbana. A imaxe urbana, de arquitectura urbana, supón a representación da cultura dominante, sendo por tanto unha aspiración equivalente á redención dunha forma de vida.

2. Os cambios socioeconómicos, os dos modos de produción, o traballador rural por conta propia, dá paso ao traballador por conta allea, que compatibiliza co seu traballo rural, a conta propia, e o nacemento dun proletariado.

3. Os novos materiais, técnicas, e a nova accesibilidade que reestrutura o parcelario base (a propiedade rural).

4. A reestruturación da entidade rural e da parroquia como claustro cultural.

5. A emigración como fonte de aporte económico e de novas formas.

6. A estrutura do sector da construción.

7. En certa medida, o planeamento, a normativa vixente, procurando o xeito de evadilo.

## A ARQUITECTURA DE TRANSICION

Esquemmatizando esta arquitectura de acordo ao seu proceso de modificación, podemos sinalar:

1. Transformacións parciais de elementos da arquitectura popular rural, conservando a súa tipoloxía.

2. Transformación realizada tomando como base a arquitectura popular rural, que pode afectar todo o seu conxunto. Normalmente conserva a tipoloxía ou ben arquitectura de nova planta que conserva a tipoloxía.

3. Arquitectura con nova tipoloxía, novo programa, novas técnicas. Seguidamente pasarei a analizar moi sucintamente cada unha delas:

1. As transformacións parciais soen ser:

1.1. Dotación de servizos hixiénicos e millora ou dotación das instalacións, auga, electricidade, pozo negro.

1.2. Creación con materiais novos ou reposición en dependencias auxiliares, pechamentos, etc., utilizando bloques de formigón ou ladrillo, fibrocemento en cobertas.

1.3. Cambios en coberta, sustitución de tella ou pizarra por fibrocemento.

1.4. Reposición ou modificación de partes do edificio utilizando os materiais antes sinalados (cerrado de corredores, etc.).

En todos estes casos apréciase:

a) conservación de programa básico e tipoloxía;

b) conservación da idea de elemento básico da casa, ao que se seguen engadindo dependencias auxiliares; así soise incorporar o W.C., o depósito de auga, etc.;

c) dependencia formal, o material novo incorpórase ás formas tradicionais (hórreos de ladrillo), etc.;

d) utilización mixta de técnicas tradicionais e novas, e estas de forma primitiva (o formigón en esteos, a trabe de madeira, etc.).

Estas modificacións sitúanse nas zonas menos dinámicas, onde se conserva basicamente o sistema socioeconómico. Neste caso a variación pode ser total, derrubando a case totalidade do edificio e reconstruíndo outro con novas técnicas e materiais, conservando basicamente a primitiva tipoloxía ou substituindo elementos da vivenda. Estas substitucións soen ser:

2.1. Rebocos totais ou parciais, cobrindo mamposterías.

2.2. Sustitución de pinturas por elementos mais duradeiros (plaquetas).

2.3. Elevación da coberta (fallados) para transformar en pezas habitábeis.

2.4. Sustitución da carpintería de madeira pola de aluminio ou metálica, moitas veces seguindo os procedimentos tradicionais (frentes exteriores).

2.5. Remozamento interior.

2.6. Estas transformacións levan implícita a dotación de servizos e millora de instalacións.

Neles, aínda cando se conserve a estrutura tipolóxica, varíase o programa, resulta unha readaptación a outros modos de vida. Consérvase o desexo de personificar a vivenda con cores, detalles,

etc. É o estadio mais complexo, xa que permite un gran número de variábeis, encerra por tanto unha marxe de posibilidades que vai desde a utilización de usuarios ligados ao medio rural, con estrutura básica socioeconómica tradicional, até situacións de claro cambio de modo de vida.

A ubicación é asimesmo complexa, abranguendo desde zonas rurais onde a apertura dunha nova vía é canle de reestruturación do lugar de ubicación, e polo tanto do núcleo habitado, deica zonas deprimidas próximas a vilas ou cidades, caso no que soen representar nel un estrato social menos dotado economicamente. Representa a complexidade deste estrato social, a incerteza de toda unha situación dun medio en transformación, e reflexa todas as tensións entre a perda dunha identidade e a procura dunha aparencia urbana.

#### ARQUITECTURA DE NOVA TIPOLOXIA E NOVAS TÉCNICAS

Imos seguir analizando sucintamente os factores condicionantes desta arquitectura, xa enumerados moi esquematicamente, a través do seu resultado e do seu proceso de formación.

Hai que sinalar que esta arquitectura é múltiple en tipoloxía, en parte pola dobre vertente de influencias que ten, a do arquitecto e a de imaxe urbana, que varía dunha zona de Galicia a outra, e a acomodación ás técnicas mais usuais na zona, que seguen pesando como engádega a outra tecnoloxía mais común e actual.

Así, temos os dous grandes grupos: a utilización do muro de carga (pedra ou formigón) ou a estrutura reticular.

Característica común a ambos os dous é o ser vivenda unifamiliar

illada rodeada de horta. Voume referir fundamentalmente á que se desenvolve na provincia da Coruña, ordenando a análise nos apartados seguintes:

1. Programa.
2. Sistema construtivo.
3. Proceso construtivo.
4. Características formais.
5. Ubicación.
6. Intervención do arquitecto.

1. As múltiples variacións do programa, e mais tamén a súa ambigüedad, veñen condicionando directamente pola complexidade e mesmo vacilación da estrutura social que representan. Campesinado con reestruturación dos seus modos de vida, traballando por conta propia ou simplemente allea, que construí a súa casa como inversión do seu aforro, e á que debe deixar varias posibilidades de utilización. Ex., baixo libre, xa para utilizar como comercio, xa mesmo para segunda vivenda, coa aspiración dunha posíbel redención e cambio do seu sistema de vida; e cun peso moi importante, a inversión do emigrante, emigrante a Europa con pouco arraigo no lugar de destino e que aspira á súa volta redimirse da súa situación rural, á vez que busca a inversión mais segura dos seus aforros.

Como características preponderantes, esta arquitectura soi deixar o baixo libre —múltiple utilización— elevado sobre pilares e practicamente sen facer nel ningunha obra de fábrica. O espacio baixo cobertura séguese utilizando como dependencias anexas, xa para gardar froitas, fallado ou almacén ou como posíbel ampliación da



vivenda. O programa de vivenda elemental de pasillo central e habitacións soise sobredimensionar e enfatizar a cocina, aínda como lugar de reunión e de vida importante da célula familiar, e o aseo como satisfacción dunha aspiración.

2. O seu sistema construtivo (estoume centrando na Coruña, provincia) caracterízase pola utilización preponderante do sistema estrutural reticular de formigón. Xeralmente vivendas de 9 X 9, con pechamento de ladrillo en primeira planta, consistentes en dous tabiques e panderete e cámara de ár. A composición destes muros varía dunhas zonas a outras.

É frecuente que a coberta se eleve con tabiqueños de ladrillo para dar pendentes ao elemento de cobrimento. Pero tamén é usual que, unha vez elevado o primeiro forxado sobre pilares de formigón, se constrúa enriba con muros sustentantes de fábrica de ladrillo a primeira planta. É moi usual a utilización de forxados de ladrillo. A coberta realízase a 2 ou 4 augas, sendo normal esta segunda e conducindo a primeira a un maior aproveitamento do seu espacio. O elemento de cobrimento soe ser o fibrocemento, a tella. En xeral, o sistema estrutural adoita estar perfectamente executado, non así as súas instalacións que, como elementos máis sofisticados e de man de obra máis especializada, acostúmanse resolver de xeito rudimentario.

A auga obténse mediante un pozo e o sistema de depuración: a fosa séptica, que normalmente é sempre un pozo negro. Con todo, é bastante usual que grupos de vivenda, parroquias ou entidades de poboación resolvan por aportación de traballo en común, ou á súa custa, captación de fontes próximas e dispoñan desta forma dun sistema unitario de transporte de augas. A depuración de residuais no medio rural déixase sempre á solución individual. A posibilidade de máximo aproveitamento do baixo obriga a que a escada sexa case sempre exterior.

3. O proceso construtivo soise realizar sen empresa especializada. Normalmente, o propietario e usuario, con axuda da familia e veciños en aportacións colectivas de man de obra, vai realizando a súa casa, nos seus tempos libres. El enténdese co pequeno taller de carpintería de aluminio, existentes en grande profusión e espallados polo medio rural. A estrutura encarrégase directamente, sen cálculo para as dimensións de vigas e pilares, ao almacén que a dá despezada. Este proceso baséase na frecuencia de que un veciño, ou ben o propietario —éste é o caso máis normal—, traballa no sector da construción. Cando non acontece este caso, o traballo encarrégase a pequenas empresas familiares, que se van especializando xa nas técnicas usuais, a obra realízase coa dirección do propietario e, en moitas ocasións, coa súa axuda manual.

Este proceso esixe unha certa lentitude e periodicidade nos traballos, o que, unido ao irregular das aportacións económicas, leva a que a vivenda se comece a habitar antes do seu remate total. Deixando normalmente o exterior —as pinturas, cores, aplacados— a decisións posteriores.

#### 4. Características formais

A racionalidade construtiva e a súa simplicidade económica,

que leva a unha simplicidade formal, caracterizan fundamentalmente esta arquitectura, en canto ao seu volume e ao seu sistema estrutural.

A profusión de cores e o detalle persoal contrasta cunha arquitectura tan esquemática, fenómeno que se pode asociar ao desexo de diferenciación, de personalizar a vivenda.

Nas proximidades das cidades é frecuente que se adopten esquemas dos clásicos chalets, como desexo de aproximarse a unha imaxe que se considera «élite». Non pretendo facer un canto a esta outra arquitectura marxinal e á súa estética. Quero constatar unha realidade, a existencia dunhas facetas nesta arquitectura que enlazan con moitos dos aspectos da «arquitectura popular rural», que representan un código cultural, unha linguaxe que non coincide coa da arquitectura «cultura», chamando así á arquitectura de arquitecto; pretendo sinalar isto e a súa vitalidade.

5. Definir a súa ubicación é un tema extremadamente complexo, pola cantidade de posibilidades que encerra, o que a fai apta desde segunda residencia dun proletario industrial nos arredores das grandes cidades, até a vivenda con directa dependencia do medio rural. Podemos indicar unha preponderancia en zonas máis dinámicas, onde a elección do asentamento supón unha mellor rentabilidade á inversión. Zonas limítrofes de cidades e vilas e en municipios da costa, así e todo, a incidencia da emigración pode distorsionar estes esquemas.



O seu asentamento ven moi directamente condicionado polo tipo parcelario sobre o que se establece. Coas reestruturacións que sobre el impón o viario existente e o de nova creación. A accesibilidade é condición indispensábel, dá a importancia reestruturadora das vías de novo trazado ou apoiadas en camiños rurais, como directrices do crecemento de novos asentamentos. A situación relativa respecto a centros urbanos ou entidades rurais consolidadas, son os complexos fenómenos do mercado do chan e especulación que complican o tema para ser tratado marxinalmente nesta ponencia. O que convén sinalar agora é a importancia tipolóxica da vivenda unifamiliar illada, respondendo a un modo de vida e derivado deste, a tipoloxía de crecemento urbano constituído por un hábitat disperso.

Non é tema sinalar a estrutura deste hábitat, pero si a súa importancia en Galicia e a marxinalización destes modelos culturais de toda unha visión urbanística legal e oficial.

6. A introdución nesta arquitectura da figura do arquitecto é impotortante e non tanto polo que nela incide, senón polo que significa en todo o que deica agora temos visto como elemento extraño ao medio e nunha forma no proceso de facer.

En certo modo, representa o control desde o exterior dun sistema social e así, desde este punto de vista, poderíamos clasificar toda esta arquitectura que se fai no medio rural en controlada e non controlada, segundo apareza o arquitecto ou non.

Esta clasificación insiste no que atinxe especialmente ao grao de incidencia do arquitecto, incidencia que imos analizar a seguir a traveso da súa participación.



A relación arquitecto-cliente é, en xeral, nula; o encárgo ven canalizado a este a través de toda unha picaresca. Aparece o intermediario, elemento xeralmente ligado dalgún xeito aos postos de control municipais (aparelladores ou administrativos), que normalmente indica o que compre facer. Polo común, o encárgo leva xa implícitas e solucionadas as posíbeis evasións ao planeamento (onde existe).

O proxecto execútase, normalmente, indiferente ás condicións arquitectónicas e si moi consciente das súas condicións de trámite administrativo. Neste sentido adóptase, naturalmente, o procedemento do mínimo esforzo, a copia doutro xa feito. Por suposto, da dirección desconéctase totalmente, estou falando en termos xerais.

En definitiva, o proxecto convértese nun canon que compre pagar, tal como o da licenza. Normalmente, os ingresos deste tipo de traballos supoñen cantidades importantes a algúns profesionais.

Naturalmente, non todos os arquitectos adoptan esta postura. Existen profesionais que tencionan facer a súa arquitectura e controlar a dirección. Nestes casos establécese unha loita por tentar realizar a súa obra, coa conseguinte incompreensión por parte do usuario. En realidade, é o defrontamento de dúas mentalidades, o usuario non acepta nen segue o proxecto, posto que nunca pensou facelo, el pretende facer a súa casa, para iso xa considera suficiente ter pagado un canon.

O profesional tenciona por todos os medios, como solución ao problema, aumentar as medidas de control. O resultado soi ser a frustración, en realidade hai algún arquitecto que, consciente diso, xa non realiza ningún destes encárgos. A postura do arquitecto, o defender a súa obra, a súa arquitectura, está intimamente ligado á súa posición ante o feito arquitectónico. O resultado é unha loita totalmente estéril porque, en definitiva, o arquitecto non aporta nada á situación. A súa posición non está do lado da creatividade e si do lado do control como medio de defensa dunha situación e dunha postura diante desta arquitectura que non tenta cuestionar. Pois o plantexarse a realidade como é, e o que de positivo pode encerrar, o pensar que cando non se segue o plano ou proxecto é precisamente porque se tentan introducir modificacións persoais, participar creativamente, estase cuestionando se esta arquitectura encaixa dentro dos modais culturais profesionais de arquitectura de autor.

Simplimente o feito de resolver ou axudar a resolver este problema da vivenda implicitamente topa co concepto de traducir o problema á resolución de moitos casos singulares.

Para rematar, penso que cuestionando e denunciando estas situacións é unha forma moi válida de encarar o problema.

Tamén penso que a creatividade do arquitecto perante estes fenómenos non pode permanecer encerrada nuns encuadramentos da súa cultura profesional, o que en realidade é renunciar á creatividade. Os esforzos débense encauzar non a negar a creatividade dun pobo, senón a fomentala, o que esixe situar a nosa a outro nivel conceptual. En principio, aprofundando no coñecemento dun pobo é o xeito de dar respostas válidas para el e participar culturalmente no seu desenvolvemento.

# TRES TIPOLOXIAS ESPACIAIS E ARQUITECTONICAS DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PRIMEIRA RESIDENCIA

Xerardo Estévez Fernández

O obxecto da presente ponencia é analizar algúns tipos de asentamentos formados polo agrupamento de vivendas unifamiliares de primeira residencia, que se dan actualmente en Galicia. Aínda que diferenciados entre si económica, social e xeograficamente, son homologábeis a un novo tipo de hábitat que surxe con carácter alternativo á configuración típica da fenomenoloxía da concentración urbana capitalista.

As diferentes tipoloxías de arquitectura que se dan nestes asentamentos van mostrar as relacións existentes entre o mundo rural e o urbano, que se complementan forzosamente na construción da propia vivenda, dando como resultado esa variedade de pequenas edificacións unifamiliares que están a configurar unha nova e a veces traumática transformación da nosa paisaxe.

Os exemplos escollidos non son estancos entre si, é dicir, cabe a posíbel combinación dos distintos elementos que caracterizan a cada un deles; preténdese mais ben, a partir das súas variábeis espaciais, tentar configuralas económica e socialmente, para logo descubrir o proceso arquitectónico que implica a produción da vivenda.

## UNHA TIPOLOXIA DA GALICIA URBANA

O fenómeno do asentamento rururbano\* ten acadado hoxe en Galicia notábel importancia e faise presente nos arrabaldos das nosas vilas e cidades e, en xeral, alí onde se ubica un centro de actividade económica secundaria e/ou terciaria de certo volume. Nas periferias concéntranse, en grau proporcional á importancia do núcleo urbano, vivendas unifamiliares non ordenadas espacialmente, pero respectando mais ben a estrutura da propiedade do chan. Estes agrupamentos consolídanse, pois, non lonxe dos centros urbanos substituindo, en liñas xerais, aos bairros de edificación en altura que albergan ao proletariado industrial e, en xeral, ás clases populares. Esta substitución de boa parte dos bairros satélites, típicos das periferias industriais e característicos do modelo de desenrolo urbano capitalista, por esta particular modalidade de asentamento, explícase non só por mor do baixo nivel de industrialización do noso país, senón como resposta a unha situación mais complexa na que concurren varios factores.

Dunha parte, o baixo nivel salarial e, xa que logo, adquisitivo do proletariado urbano, impón o recurso a unha agricultura a tempo

parcial na que os cultivos de horta e a mantenza dun pequeno curral orientados ao autoconsumo cumpren a función de fonte complementaria de ingresos, ben, sexa ao elemental nivel de subsistencia para facer fronte á inseguridade provocada polas flutuacións da demanda de man de obra, ou ben para acadar un pequeno aforro familiar.

Nos derradeiros anos, o «boom» da construción, vencellado á inversión nun subsector altamente especulativo, levóu consigo a aparición dun forte continxente de man de obra en réxime de eventualidade, procedente nunha gran parte do sector primario, que se asenta nas periferias. Trátase, en parte, de inmigrados do rural que, mediante a venda dunhas leiras no lugar de procedencia, poden mercar nun arrabaldo un pequeno terreo onde construíren a súa vivenda unifamiliar.

En moitos casos, o fenómeno prodúcese por mor do proceso de crecemento urbano, que remata por absorber os vellos lugares rurais das periferias e «asimíalos» a traveso da súa transformación, non tanto pola dotación aos devanditos lugares de servizos urbanos —os niveis de equipamento son practicamente nulos, reducidos decote a un simple camiño rural de acceso—, canto por unha dependencia practicamente total no produtivo e mais no comercial.

Cando se construí sobre un terreo herdado, o único gasto, polo xeral, é o dos materiais de construción, pois a man de obra é decote fornecida pola propia familia e mais polas prestacións dos veciños fóra da xornada laboral. O chan non construído adócase logo a horta e curral, atendidos fundamentalmente pola muller, aínda non integrada de xeito xeralizado ao traballo asalariado, deixando por veces diante da casa un pequeno saído. Nos casos en que o espazo agrícola e a vivenda non están xuntos —realizándose polo tanto os traballos agrícolas nunha leira próxima—, a casa conta somente co saído dianteiro e un pequeno espazo posterior no que se instala o curral.

Cabería distinguir, entre outras, tres modalidades fundamentais neste tipo de asentamento. Dunha banda, aquela, á que xa fixemos referencia, que surxe da remodelación do lugar primitivo, mediante a adaptación (as menos das veces) ou substitución dos vellos edificios, intercalándose novas construcións, conservando a rede

\* Véxase OIKOS, *Notas sobre el desarrollo urbano de Santiago en la década de los 60*, Ciudad y Territorio, n.º 1-2/78, p. 95-106.



Fig. 1.—Asentamentos rururbanos: remodelación do vello lugar.

original de camiños e corredoiras. Dalgũa maneira, trátase de aproveitar a infraestrutura de que se dispón e os valores sociais que aínda conteñen os asentamentos tradicionais, rachando en troques, xeralmente, coa unidade espacial do conxunto primitivo, ao formar as edificacións novas unha casca que encobre os restos da arquitectura tradicional, moitas veces nun lento proceso de deterioro.

Unha segunda modalidade é aquela que se dá ao longo das carreteras ou pistas de concentración parcelaria, baixo unha concepción xa máis urbana: aliñamentos, distancias e lindeiros. Esta tipoloxía de asentamento, que supón o aproveitamento do factor infraestrutural por riba dos servizos (por cativos que fosen) que proporcionaba o vello lugar tradicional, vai enchendo pouco e pouco o entramado viario que rodea as vilas e cidades, con todo o que isto poida supoñer, a curto prazo, a nivel económico e social, dado o conxunto de diseconomías que reporta.

A terceira modalidade son aqueles asentamentos que surxen

espontaneamente perto dos encraves industriais de certa relevancia, dunha forma totalmente desordenada, abríndose novos camiños de acceso ás distintas vivendas, segundo o proceso de autoconstrución. As edificacións dispóñense moi agrupadas, polo tanto cun alto grao de ocupación da superficie construída con relación ao chan sobranante. Nestes asentamentos habita, polo xeral, o proletariado das grandes empresas cunha capacidade salarial que implica un lento, aínda que non definitivo, proceso de substitución da agricultura a tempo parcial e, polo tanto, da superficie necesaria adicada a tal fin.

O que resulta evidente e denominador común para as tres modalidades, é que alí onde as rendas do chan sexan baixas, onde non existan polo tanto expectativas a curto prazo de transformación urbana de terreos en solares, que as previsións de planeamento a tal fin sexan a longo prazo ou non existan, é onde imos atopar o maior grao de concentración. Compre polo tanto salientar que, polas razóns devanditas, a fuxida do planeamento aparece como unha

constante alí onde se detecta a presenza de asentamentos rururbanos.

O crecemento urbano, en canto acada un determinado grao de desenvolvemento, bótase enriba destes asentamentos que el mesmo xenerara, plantexándose nese momento a contradición entre as imposicións dunha determinada política urbanística e unha realidade desordenada de seu polas condicións nas que se produce e ás que xa fixemos alusión (estrutura da propiedade do chan, encrave periférico, etc.).

As construcións que se dan nestes asentamentos rururbanos, ben sexa como remodelación das edificacións da arquitectura tradicional, ou ben de nova planta, reúnen unha serie de características que convén destacar. En primeiro lugar, un denominador común a todas elas é o seu proceso de produción e uso: trátase dunhas edificacións promovidas-construídas (na maioría dos casos) — habitadas por e para os mesmos suxeitos, sen a existencia dos intermediarios (promotores, construtores, revendedores) urbanos. Baixo este punto de vista atopámonos cunha concepción específica da vivenda en función das necesidades da célula familiar, coa aplicación de toda unha simboloxía plástica como recurso para expresar o produto «casa» como algo diferenciado, persoal, manifestación dun sobretraballo.

A resposta a nivel da arquitectura resultante prodúcese dun xeito mixtificado, dadas as características que concorren en canto á existencia dunha economía mixta: traballo asalariado e agricultura a tempo parcial, e ao grao de interrelación que se establece entre o medio rural e o urbano. Culturalmente implica a aprendizaxe de dúas linguaxes, contrapostas nuns casos, contradictorias e dependentes noutros, pero que en última instancia se complementan forzosamente. As pautas da vida urbana son trasvasadas a un medio singularmente distinto, dispoñendo dunha tecnoloxía similar ao medio urbano para a construción da propia casa, que xeralmente se fai coa participación dos veciños, non só no traballo senón tamén a nivel crítico, tanto para o replanteamento do programa como para o tratamento do volume exterior, que haberá de se axustar sempre ás necesidades económicas do momento.

Esta arquitectura podería tipificarse, en liñas xerais, como vivendas de planta de dimensións aproximadas de 9 X 9 m., baixo libre (agardando a instalación no futuro dun pequeno negocio) e un programa de planta superior que consta de vestíbulo, estar-comedor, cociña, tres dormitorios e cuarto de baño. Estrutura porticada de formigón na primeira placa e de ladrillo na segunda, apoiada sobre os tabiques de distribución; cuberta a dúas augas, formándose dúas paredes laterais a modo de medianeiras, xeralmente cegas. O tratamento das fachadas vai estar en función da situación económica en que se atope a familia unha vez rematada a construción da casa, non faltando, aínda que haxa que deixalo para tempos millores, algunha aportación persoal mediante a combinación de plaquetas, pinturas, azulexos, etc., aplicados xa sexa ao pano principal da fachada ou aos elementos construtivos adicionais: chamineas, veirados, etc.



Fig. 2.—Asentamentos rururbanos en dispersión liñal.




Fig. 3.—Asentamentos rururbanos macizados en torno a encaves industriais.




Fig. 4-5.—Arquitectura rururbana: trátase dunha arquitectura mais «urbanizada».

Pero de todas formas trátase, a diferenza das outras dúas tipoloxías de arquitectura que estudiaremos a seguir, dunha arquitectura mais «urbanizada», menos creativa, debido sobre todo á dominancia do medio urbano co que se establecen as relacións de dependencia.

#### UNHA TIPOLOXIA DA GALICIA INTERIOR

Outra tipoloxía de asentamento é a que se está producindo como consecuencia da canalización do aforro de boa parte dos nosos emigrantes cara á construción das súas propias vivendas unifamiliares nos lugares das periferias das vilas ou, sobre todo, no medio rural de orixe. A diferenza do asentamento rururbano, esta tipoloxía non resposta, nin ten relación hoxe por hoxe, cos centros de produción e actividade económica. Provoca, iso si, unha nova estruturación da paisaxe a traveso das numerosas, variopintas e moitas veces rechamantes construcións que a compoñen. O seu enclave eminentemente rural non queda xustificado economicamente, se temos en conta que estes novos asentamentos non están repostando a unha nova concepción do agro galego, que determinase a transformación das estruturas actuais comportando, polo tanto, un aumento poboacional.

Aparte das connotacións sociolóxicas que leva consigo a construción da vivenda no medio rural de orixe, isto supón, sen lugar a dúbidas, o pensar na agricultura como fonte complementaria



de ingresos cando xa se retorna da emigración, e a desconfianza de poder atopar traballo como asalariado ou por conta propia. As expectativas fíxanse, como moito, nas posíbeis alternativas do baixo comercial, pensando instalar nel unha pequena tenda ou bar atendido pola propia familia. Esta tendencia, bastante xeralizada, representa un grao de terciarización do medio rural que vai ter a medio prazo importantes repercusións económicas e sociais, factor este que haberá que conxuntar coa dificultade para dotar de equipo e servizos a un poboamento tan espallado como o que se dá nos asentamentos deste tipo.

Así e todo, os indicadores que se detectan hoxe son pesimistas en canto á capacidade de retorno definitivo; moitas veces hai que voltar á emigración, aínda coa casa xa rematada, ao non atopar traballo e polo risco que implica montar un pequeno negocio. Nun futuro, ao millor non moí lonxano, cando se dean as condicións menos desfavorábeis para o retorno definitivo da emigración, ímonos atopar cunha poboación á que lle van quedar poucos anos de vida activa, en trance xa de sosterse co subsidio de vellez e a agricultura de subsistencia.

O que mais chama a atención nestes asentamentos son as construcións que se están a facer, que resultan estéticamente agresivas para a paisaxe, ao romper, sobre todo, o equilibrio perfecto que aportaba a arquitectura tradicional. A arquitectura tradicional convertiuse nese obxecto-deseñado-anónimo a traveso da herdanza secular resultante da dialéctica home-natureza. Deste xeito, a expresividade das cubertas, os panos de muros de pedra, por poñer al-

gúns exemplos, respostan tecnicamente a determinadas condicións climatolóxicas; a distribución en planta obedece a un meirande aproveitamento da enerxía calórica e mais ao artellamento da casa e as súas dependencias anexas como unidade de produción. Na construción desta arquitectura tradicional as opcións estruturais, estéticas e organizativas herdadas ao longo da historia, son depuradas até formaren ese acervo de «sabencia popular» no que, a carón de elementos atesourados desde a cultura castrexa, aparecen as inferencias do modo de produción precapitalista. Polo tanto, a nosa arquitectura tradicional intégrase paisaxísticamente como unha resposta equilibrada do proceso dialéctico, estruturándose espacialmente en unidades veciñais de produción. Os últimos anos da historia de Galicia foron decisivos para o esnaquizamento e conseguinte abandono do feito tradicional, mediante a introdución da mecánica capitalista, que rachou e segue a rachar o bagaxe cultural herdado.

No noso caso, a resposta mixtificada a nivel de arquitectura resulta aínda máis forte, polo feito da emigración. O emigrado vai plasmar mimeticamente na vivenda a súa visión do xeito de vida no país de destino ou, millor dito, a súa peculiar asimilación dos riscos externos deste xeito de vida, cun concepto de millora do seu estándar persoal. Atopamos unhas construcións cunha concepción específica de segunda residencia, incorporando os elementos recollidos no país onde se traballa: xardín que substituí ao saído dianteiro, «porche», cuberta a catro augas. Aínda que, como opción estética, sexan o resultado do trasvase dun modo de vida idealizado, indican un grao de diferenciación persoal, onde a construción da propia viven-



Fig. 6-7. — O concepto do «chalet no medio do campo» resposta a un traspaso mimético dos estándares de vida do país no que se atopa o emigrado.



Fig. 8.—O conxunto espacial —casas, barcos— mostra un exemplo equilibrado de remodelación na costa.

da é o vehículo de expresión do esforzo que requeriu facela. Mediante o recurso a remates exteriores de todo tipo (plaquetas, gresites, azulexos, revocos multicores e multiformes) combinados dunha e de mil maneiras, o produto «casa» ven ser o resultado de tres factores que actúan conxuntamente: a capacidade de memoria fotográfica, a interpretación persoal e a disponibilidad económica do momento.

A construción da casa, realizada xeralmente por un pequeno construtor de confianza, vaise etapificando: estrutura, peche exterior e divisións interiores, remates, en períodos de un ou dous anos como moito, segundo o aforro conseguido nas sucesivas xeirras emigratorias, percurando darlle un pulo ás obras nas épocas de vacacións, traballando nela. A diferenza dos que constrúen as súas casas perto das cidades, asimilándose mais, polo tanto, aos asentamentos rururbanos dos que se falou mais arriba, o tipo de arquitectura que se dá nesta outra modalidade resulta ser a nivel estético moito mais singular, ao introducir a concepción da vivenda como a

do «chalet no medio do campo», con toda a simboloxía plástica de segunda residencia que esto leva consigo; a ideoloxía xoga, polo tanto, un papel mais significativo. (Fig. 6-7)

\* \* \*

#### UNHA TIPOLOXIA DA GALICIA COSTEIRA

A partir dos anos 60, detéctase nas rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, xunto coas áreas determinadas polas restantes cinco cidades, un aumento poboacional provocado fundamentalmente polo basculamento da Galicia interior, que perde poboación en favor destas áreas. No caso concreto das cidades de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo, o crecemento configúrase espacialmente a traveso dun conxunto de asentamentos que forman un continuo urbanizado que se estende desde as propias áreas urbanas até os límites costeiros que as rodean. A coexistencia nestas zonas dun conxunto de economías e actividades —pesqueira, agrícola, industrial, turística—, xun-

to coa flexibilidade do marco territorial e a riqueza do medio, fanas destacar como zonas de certo desenrolo, sobre todo se se compara co resto da Galicia interior.

O terceiro exemplo ao que imos facer referencia advírtese moi claramente na banda norte da ría de Arousa, aínda que poida ser extensivo, sobre todo no uso da cor na arquitectura, ao resto da cornisa costeira, dadas as similares características económicas e xeográficas que concorren neste perímetro.

Desde Rianxo até o extremo da península da Barbanza, en Aguiño, exténdese un conxunto de pobos con edificación en altura, unidos entre si por edificacións unifamiliares, formando todo un continuo urbanizado ao longo da carretera xeral. A traveso das pendentes que discorren até o nivel do mar vanse intercalando, igualmente, agrupacións de vivendas unifamiliares entre as entidades de poboación, aproveitando calquera tipo de infraestrutura: estradas secundarias, camiños, corredoiras, dando lugar a un conxunto espacialmente desordenado, apreciábel desde o alto da Curota. Desta maneira, a diferenza dos dous casos anteriores, esta tipoloxía de asentamento de vivenda unifamiliar estrutúrase no conxunto urbanizado formado polas vilas, pobos e entidades de poboación, sen unha localización espacial concreta, mesturándose polo tanto coas diferentes edificacións que se dan en cada un deles.

Pero vai ser a tipoloxía arquitectónica o máis singular desta modalidade de asentamento que, pola caracterización xeográfica e económica do ámbito onde se produce, vai ter un contido plástico de certo valor. O recurso ao colorismo é o que define sobre todo ás edificacións, mediante todo tipo de mesturas e disposicións nos paramentos exteriores. Colorido xeralmente forte, básico, en atrevidas disonancias pero aplicado creativamente sobre as distintas superficies ou elementos a salientar: recercados de fiestras, veirados, franxas horizontais. Moitas veces, remodeláanse edificacións da arquitectura tradicional, onde o resultado plástico logo do «tratamento» é realmente interesante. Nestes casos, os elementos estruturais de pedra de gran déixanse no seu estado orixinal, pintando en cambio os enfoscados dos elementos construtivos de peche, xeralmente formados por muros de mampostería. No caso das construcións máis recentes, os resultados son aínda máis suxerentes, actuando coa maior liberdade formal na definición dos paramentos e, polo tanto, da volumetría da edificación: bandas, pilares, arcadas, etc., de distintas cores. (Fig. 9-10).

Esta peculiaridade no uso da cor haberá que explicala, en primeiro lugar, polas características psicosociais que se desprenden dun enclave paisaxísticamente único, pero tamén polo feito de que os seus habitantes son xeralmente traballadores do mar, moitos deles embarcados que visitan países lonxanos, onde deprenden unha linguaxe plástica que poderíamos calificar de mitolóxica, na que se mesturan creativamente os máis dispares elementos, que van quedar plasmados no momento de construír a súa casa. Atopámonos

unha vez máis co recurso a unha simboloxía, que esta vez é a cor, para expresar a casa como algo diferenciado. O resultado neste terceiro exemplo é, tanto paisaxística como arquitectónicamente, moi interesante. (Fig. 11).

Esta resposta espontánea no uso do colorismo non se dá somente na casca da edificación, senón tamén no seu interior, onde xa se aprecia un barroquismo máis *kistch* e de menos valor. Utilízanse as mesmas cores con que se pintan os barcos, as cancelas, todos os diversos elementos urbanos que constitúen, xunto coas pequenas edificacións que seguen toda a liña da costa, ese fermoso espectáculo cromático do que podemos disfrutar no solpor.

\* \* \*

Na panorámica dos tres exemplos citados verifícase a constante de ser a construción da casa propia, obxectivo sobranceiro na vida do suxeito, e tamén a espontaneidade no seu proceso de produción e de uso. Espontaneidade por canto que a incidencia que pode ter o arquitecto sobre este tipo de edificación é practicamente nula. As diferenzas entre proxecto e obra, máis que debidas a cuestións técnicas —axuste de programa, replanteo do solar, etc.—, respóstan a dúas concepcións distintas: dunha man a do propietario, que ve no arquitecto un imposto que lle legaliza a situación, e da outra a do profesional que, nuns casos, concibe esta arquitectura como menor, non rendábel, e noutros non dispón dos elementos de análise necesarios para a súa realización. Neste sentido o arquitecto, como moito, trasvasa a estas construcións os coñecementos máis ou menos racionalizados adquiridos na súa práctica profesional na arquitectura urbana.

As diferenzas son ostensíbeis na execución da obra: os esquemas organizativos da planta introducidos polo arquitecto —zonas de día e de noite— non se respetan: a cocíña sobredimensiónase a expensas do estar-comedor, que por veces desaparece, as dimensións en planta modifícanse e reestrutúranse segundo as necesidades da célula familiar. Modifícase asimesmo a estrutura, os pechamentos, e sobre todo o tratamento exterior das fachadas.

Cabería, pois, un replantexamento da actividade profesional neste eido, baixo dous puntos de vista. Por un lado, a elaboración dun estudo máis amplo sobre o conxunto de tipoloxías espaciais e arquitectónicas que se dan hoxe en Galicia, para ver de que maneira o papel xogado polo arquitecto pode estar máis dacordo co complexo de características sociais e económicas que concorren e, polo tanto, para poder dispor de datos para a elaboración do proxecto, introdución de mecanismos correctores, aproveitamento dos valores plásticos existentes, etc. Baixo outro punto de vista, e xa concretamente dentro da práctica profesional, trataríase de analizar os niveis de competencia, posíbel estandarización, control de obras, etc. Nesta perspectiva, esperamos que nun futuro non lonxano se poida facer algo.

Fig. 9-10-11.—Os tres exemplos mostran a capacidade plástica que pode acadar esta «arquitectura sen autor».



8



9



10

---

# SOBRE O DESENROLO DOS VALORES CULTURAIS DAS VILAS GALEGAS

Xosé Hermo Túñez

---

Antes de entrar a considerar o tema específico do desenrolo e descrición das vilas galegas, convén facer unhas reflexións preliminares para tentar xustificar por que enfoqueei o tema desde un punto de vista global, case fundamentalmente de descrición das razóns da crise do medio no que estamos a vivir e das que as vilas galegas dan unha exemplificación contundente.

Na observación da arquitectura galega actual, agás as excepcións de rigor, invádenos a todos un sentimento común de sentimentalismo romántico cara as obras pasadas. Admiramos a perfecta inserción das comunidades na paisaxe, na terra; as sinxelas, irregulares e anárquicas (entendendo por tal unha disposición sen sometimento a ningún tipo de «normas») configuracións dos poboamentos rurais, dos recintos construídos; a valoración do espazo público en canto se somete ás esixencias colectivas da comunidade, a valoración da paisaxe aberta normalmente ao poboado a fin de que os paisanos a disfruten desde a praza ou desde as súas casas; as inxeniosas solucións construtivas que materializan conceptos arquitectónicos e vitais tan válidos como as solainas, as galerías, os esteos, os recercados, os sinxelos encalados, etc., e que conforman espazos urbanos de calidade inigualábel.

Esta racionalización do poético cando contemplamos a monotonía e desumanización das obras actuais, nace ao comprobarmos que todo está perdido, que unha besta negra se está apropiando do noso arredor, que se traduce nunha nefasta estandarización conceptual que rexeita a nosa cultura autóctona, unha alienación que abrangue todos os niveis de decisión, por mínimos que sexan, e na que os arquitectos somos tamén elementos de transmisión dunha ideoloxía, dun modo de facer do que case todos somos responsábeis.

É con esta conciencia de que aí está a auténtica razón do proceso de deformación do noso hábitat coa que eu tentarei facer unha análise do desenrolo dos valores culturais das vilas galegas no marco da crise do medio rural-urbano tradicional, e que explicaría de seu esa dramática situación na que se acha a obra cultural do noso hoxe.

Unha exposición encol do medio galego debe levarnos á formulación das liñas fundamentais do seu sistema organizativo, da estrutura da poboación asentada nel, das súas producións, das súas obras. Estas obras emerxen dunha terra modelada de vagar, vencellada orixinariamente a grupos que a ocuparon e humanizaron sobre as múltiples e variadas zonas cos medios favorábeis á implantación poboacional sobre o territorio e que o mesmo home traballou, ordenou, humanizou e sacralizou, determinando unha paisaxe peculiar, unha complexa trama vital salpicada de múltiples e espallados asentamentos humanos.

Na difícil construción da súa historia, baseaba a súa subsistencia nun modo de produción fundamentalmente agrario, cunha estrutura autárquica pecha, precapitalista, absolutamente coherente cun sistema de vida e produción e cunha estrutura organizativa de elevado grado de desenvolvemento.

O asentamento poboacional tan extraordinariamente disperso no territorio, a división da propiedade, o relevo topográfico, as condicións climáticas, a fartura de recursos naturais, conformaron uns xeitos concretos de relación vital co medio, definindo as liñas fundamentais da consolidación do home no territorio, da colonización progresiva do país, da estrutura ordenadora por el criada.

O territorio do país galego estrutúrase nunha variedade de entidades naturais de diversos ordes e progresiva complexidade: tais son o casal ou lugar, a aldea, a parroquia, a vila, a comarca, e que por extensión definen a comunidade histórica que Galicia é.

O territorio do CASAL ou LUGAR ACASARADO consta dun elemento urbano mínimo (a casa de labranza) e da súa campía rústica, determinada por unha vía de delimitación que a define respecto dos demais casais ou lugares inmediatos, e de varias vías de comunicación que a poñen en contacto con todos os demais lugares circundantes e co recinto rur-urbano de entidade superior a que pertence: a aldea.

A ALDEA, na que xa aparecen as primeiras referencias da linguaxe urbana, consta do seu medio urbano propio, formado por un conxunto de casas e edificios, hórreos, cruceiros, fontes, lavadoiros,

pombais, cruces, valos, etc., e dunha área rústica de cultivos e arbores na que, en función da altimetría do lugar, predominan as árbores frutais, cereais, viñedos, palleiros, etc., vertebrada por un conxunto de camiños e corredoiras que a definen respecto das demais aldeas próximas.

A PARROQUIA, unidade básica autónoma socio-económico-administrativa galega, surxe como conxunto natural estruturado das aldeas circundantes, lugares e casais equidistantes todos eles entre si e a igrexa, segundo vínculos culturais, espirituais, xeográficos, históricos, produtivos, de servizos, de veciñanza e parentesco, etc. A disposición territorial da parroquia é análoga aos diferentes sistemas anteriores, entre o recinto urbano e a comarca rústica, que son os dous elementos componentes, e cunha trama de camiños que a poñen en relación coa entidade económica e social á que se debe, a vila.

A VILA constitúe o marco urbano fundamental, formado polo conxunto de edificios aliñados ao longo da rúa principal e o resto das rúas secundarias, que veñen sendo as vías de comunicación da vila coa campía circundante e coas parroquias veciñas e que a definen respecto de todas as demais entidades locais inmediatas.

Sobre estes camiños que delimitan a vila, aséntanse os seus centros administrativos, públicos e comerciais. A vila era centro comercial fundamental dos produtos do campo e do comercio do gado. Este carácter de troca comercial, de trasvase de excedentes agrarios, fixo da vila o punto de confluencia das distintas parroquias á que pertencían, dacordo con pautas xeográficas, produtivas ou históricas determinadas. Aínda que a súa estrutura morfolóxica é resultado dunha desemeillante evolución histórica, hai un aspecto común a todas elas que as define claramente, isto é, a penetración do urbano no campo e do campo produtivo no urbano, graduándose desde o xardín ao monte, pasando pola horta, o labradío e os prados.

Esta relación campo-cidade, mantida até hai poucos anos, fai da vila o exemplo mais común e peculiar de asentamento urbano galego: a progresiva gradación nos edificios da escala rural dos límites da vila, a escala urbana característica da zona comercial, relixiosa, materializada tanto nos aspectos construtivos como nos do módulo do solar (de mínimo no rural, até os maiores no centro, reconstruídos e edificados sobre si mesmos a través do tempo), fai da vila unha estrutura urbana sempre equilibrada. Polo seu carácter mixto,



*Na aldea aparecen xa as primeiras referencias da linguaxe urbán. Foto C. Flores*

o urbano adquire aquí unha condición fundamentalmente popular, adaptando en versión autóctona e imprimíndolle a peculiar imaxe arquitectónica vilega aos modelos tipolóxicos urbanos que nas diversas épocas van aparecendo nas poboacións máis importantes do país. Así van evolucionando os módulos de escala rural, mínimos, de vaos simétricos e pouca altura, a edificios de baixo e dúas e tres plantas, cos balcóns rasados, as galerías corridas da última planta, as incorporacións modernistas, sempre dunha marcada sobriedade e sinxeleza, até as mais recentes adaptacións racionalistas, formando así unha paisaxe peculiar, inimitábel e irrepetíbel da cultura arquitectónica galega.

De igual xeito que o exposto nas aldeas, parroquias e vilas, encóntranse compostos os sistemas territoriais da comarca, provincia e nación, sendo todos eles un composto de recintos urbanos e extensións rústicas de diferentes ordes e categorías, definidos e determinados, sempre e en todos os casos, por unha rede de camiños e vías de delimitación e comunicación, de progresiva complexidade e dificultade.

Da descripción física feita até aquí da natureza organizativa do territorio galego, pódense deducir diversas conclusións xerais:

1. Existe unha unidade sistemática na división territorial de Galicia. Esta unidade tradúcese no medio na inexistencia de entidades *invasoras* que absorban unha vasta área de influencia. Implica pola contra un esquema *non-concentracionario*, polinuclear *descentralizador*. Dase así unha disposición territorial non provocadora do inxusto, do elitista, senón do difuso, do igualitario, do realmente popular.

2. A relación entre os elementos urbanos é un distinto grao de complexidade, a mesma que compón o medio rural, existindo polo tanto un substractum ordenador, integral en todo o territorio galego e, como consecuencia, a rotura nas relacións orixinais entre os elementos do sistema provoca a sistemática degradación da obra criada, en definitiva, a rotura das orixes que deron vida á cultura popular.

3. A manifestación esquemática deste sistema ordenador sería, sobre un mapa de Galicia, o dunha densa malla de vías de comunicación, transporte e demarcación de núcleos urbanizados e ruralizados de diversos ordes, formando un tecido irregular do que os fíos cobrirían e enlazarían todo o territorio, a modo de *rede básica urbanizadora* do territorio: unha complexa e variábel distribución do chan en parcelas cunha íntima interrelación coa rede arterial de camiños, e unha distribución moi espallada de poboamentos humanos de características diversas segundo a súa relación co esquema viario e parcelario correspondente. A evolución histórica de cada un dos tres elementos foi conformando o estado actual do territorio galego.

4. A íntima dependencia entre as súas estruturas fundamentais formuladas rural-urbano, implica que o desenvolvemento dos recintos edificados supón de modo completamente análogo a transformación, millora e potenciación das comarcas rústicas. A rotura deste equilibrio analóxico implicaría a privación a unha delas do seu



A vila de Betanzos. (Arq. G.E.G.)

dinamismo e porvir histórico, alterando así o orde lóxico sobre o que se asenta a división territorial do país.

5. Toda esta trama, que define unha estrutura ordenadora, igualitaria, descentralizadora, non supón un sistema vital anárquico; pola contra, na moitidume de puntos dispersos nos que cada grupo ten as súas propias estruturas económicas, sociais, produtivas, culturais, etc., existe un centro, un punto de confluencia e equilibrio entre os niveis urbanos e os rústicos. Existe unha correlación de forzas que equilibran o sistema. A vida campesina, conservando o seu específico, xera unha estrutura urbana, artesá e comerciante, que lle aporta os servizos e medios necesarios para a continuidade do desenvolvemento da súa subsistencia; isto é: *a vila*.

Temos así un universo humanizado, rexido por leis tradicionais e rigorosamente equilibrado. A estrutura urbana da vila xérase íntimamente en función da relación histórica co marco rural a que se debe. Esta relación campo-cidade por utilizar un termo coñecido, cambiou profundamente ao longo do tempo histórico, segundo as épocas e os modelos de produción: unhas veces está marcada por un conflito radical, outras equilibrada. Como consecuencia, xérase unha estrutura urbana específica xa sexa dependente, xa autónoma. Surxen así as máis peculiares creacións urbanas galegas, as obras máis fermosas da urbanidade galega, caracterizadas esencialmente polo seu carácter comercial, artesano, confluente, representativo, etc., segundo os casos. É fundamentalmente unha figura urbana medieval, vinculada a un modo de produción agrario e gandeiro, pechado, autónomo, e nunha situación complexa: está inserida nun marco de relacións feudais (señoríos, monacatos, realza, caciques), pero en loita contra o feudalismo da terra.

A serie histórica de transformacións socio-productivas máis importantes do país galego, entre a Baixa Edade Media e o século XX, prodúcense na súa fachada atlántica. Xéranse éstas nos cambios habidos na industria naval e pesqueira. A primeira ten a súa orixe polo século XII, por razóns militares e defensivas, permanece por razóns produtivas da pesca e incrementase fortemente no século XVIII coa fundación do arsenal naval do Ferrol. A segunda sofre un cambio importante a meados do século XIX, cando se superan as técnicas de salga e afumado e pásase a outras máis avanzadas debido ás inversións exteriores nas que destacan as catalanas coa súa implantación ao mesmo tempo de novos sistemas de aparello e capturas.

No comezo do século XX surxe un fenómeno que será o motor de todas as transformacións das sociedades posteriores: *o proceso da industrialización*.

Cos principios da industrialización a poboación humana viuse mergullada nun proceso paulatino de *concentración* sobre a cidade, que xa é entón unha puxante e avasaladora realidade, fenómeno que se deu en chamar *urbanización*. Historicamente a urbanización acelerada fíxose notar antes de nada nos países que protagonizaron a chamada *revolución industrial*, onde o capitalismo incipiente se desenrola con maior pulo. No resto dos países preséntase cun século de retraso e cun pulo aínda meirande. Aquela primeira etapa cadrou co desenvolvemento do capitalismo a escala nacional, mentres que es-

te último proceso que estamos a vivir coincide co desenvolvemento do capitalismo a escala internacional.

As consecuencias inmediatas deste proceso na ordenación territorial tradúcense nun modelo de desenvolvemento baseado na *concentración crecente* e na *dependencia* crecente da periferia respecto do centro (entre continentes, entre países e rexións e dentro mesmo das cidades). Así a cidade medieval do pasado converteuse na cidade industrial moderna, nun gran mercado de traballo. O desenvolvemento das cidades supón por outra parte unha operación rendábel, a urbanización dá lugar a operacións da máis salvaxe especulación;ponse en marcha a planificación das urbes, zonifícanse as cidades subordinando a elas todo o seu entorno. Transfórmanse así en estruturas invasoras, desbordando tanto os niveis urbanos como o equilibrio ecolóxico. Pola súa razón de ser, transfórmanse en núcleos potenciadores de desigualdades, do inxusto, do elitista (centro cidade-burguesía/proletariado industrial-suburbio), rompéndose así o escenario da *convivencia* innato ás formacións equilibradoras e respetuosas dos espazos edificadas na antigüedad.

En canto á vivenda, obxecto máis común da arquitectura urbana, necesidade vital do home ao longo da súa historia, converteuse, dentro do esquema de produción capitalista, nun *produto* máis, un obxecto de consumo ou mercancía negociábel. A especulación do chan e o seu irracional uso e aproveitamento para a construción de vivendas, unido á mala calidade construtiva, a perda do coñecemento do oficio, a super-especialización do traballo e a crecente e nefasta *estandarización conceptual*, dá como resultado a produción de espazos interiores mal acondicionados, despersonalizados, comprimidos, invivíbeis e represivos, e espazos exteriores que se privatizan en perxucio das necesidades colectivas da comunidade, apropiándose, en beneficio do propietario, dos dereitos do pobo. O dereito de propiedade fai que a arquitectura estea ao servizo de quen a paga e non de quen a sofre, da rúa de todos pola que todos pasan. Frente aos dereitos de quen a paga (a consecuencia da explotación dos demais) non se consideran os mil dereitos de quen a ve. Así a aparencia armónica no espazo e no tempo das obras pasadas transfórmanse nunha árida monotonía na finchada ostentividade, na falsa aparencia da que fan gala as nosas rúas, favorecéndose así, a niveis máis subtís, a dependencia e a explotación do home polo capital.

Na Galicia, o modelo de crecemento descrito introducido paseñamente polos núcleos de decisión centrais provoca unha situación complexa, ao coexistir en dous tipos distintos de organización social: dunha man, a tradicional-rural galega, baseada nunha economía pecha, autosuficiente, precapitalista, coherente cun modo de organización e produción, en fase xa de descomposición avanzada; da outra, a moderna, superposta e en contraposición a aquela, constituída basicamente por un notorio desenvolvemento urbano e industrial, que corresponden claramente a un crecemento en dependencia que é, ante todo, crecemento da propia dependencia (1).


Esta situación de *dependencia* progresiva no tempo provoca

(1) CIES, *Galicia: un modelo posible de Desarrollo Autónomo* (en preparación).

inevitavelmente a rotura dese orde elemental sobre o que se asenta a división territorial da Galicia. As implicacións desa clara realidade no país son as dun progresivo esnaquizamento do medio, da unidade e coerencia do sistema organizativo descrito no comezo deste traballo, e aquel universo ordenado e rexido por unhas leis tradicionais entre todos os elementos do sistema rural-urbano, de carácter popular, de produción colectiva, de afecto e contribución á beleza das súas obras, á creación, transfórmase nun sistema dependente. O poder centralízase, a cidade convertese no transmisor desa centralidade e impónse sobre o resto. Estabelécense leis para o crecemento e zonificación da cidade e mergúllase no caos e o desamparo a periferia, o entorno circundante, as áreas rústicas, que se converten así en espazos residuais.

O sistema capitalista de produción e acumulación de capital intensifica a centralidade, a dependencia dos centros de decisión. Esta situación á que está sometida Galicia de dependencia política, traducida en paralelo en explotación económica (emigración, aforro, etc.) e opresión cultural, ten a súa proxección dentro do país galego nun nivel de dependencia ascendente de todo o territorio respecto das áreas de A Coruña-Ferrol-Vigo-Pontevedra. Áreas onde se concentran as inversións privadas e públicas, os niveis de decisión político-administrativos, culturais, de servizos, industriais, así como os recursos humanos máis capacitados.

Este crecemento expansivo, consecuencia da acumulación da renda, da división do traballo, da propiedade privada do terreo, da especulación, provoca o desequilibrio, a descapitalización, a expo-



(Arq. G.E.G.)

liación do agro, falta de inversións produtivas; o resultado é a degradación da estrutura produtiva e a lenta aniquilación do ámbito rural galego, vivíndose así a trágica realidade da emigración a outras rexións españolas industrializadas ou ás comarcas atlánticas do país galego mais necesitadas de man de obra.

Este desequilibrio e discriminación non ofrece a contrapartida dunha certa homoxeneidade dentro das áreas urbanas. O desequilibrio que caracteriza a distribución da poboación, equipamentos e riquezas entre o marco urbano e o rural, é igualmente manifesto dentro das mesmas cidades, entre o centro e a periferia nas súas formas sociais, económicas e de hábitat.

Estas contradicións que se producen entre as distintas esferas da demarcación territorial do país están na raíz mesma das deformacións estruturais da sociedade e en camiño de alcanzar niveis dramáticos. Os graves problemas territoriais, urbanísticos, infraestruturais e humanos que o noso país está a sufrir son xa moi probablemente irreversíbeis, e cumprirá voltar a esculcar na memoria do país para albiscar un futuro con sentido. Isto non é un fenómeno pasaxeiro e reparábel, é necesario cambiar o sistema en cuestión, reclamar a necesidade e o dereito a unha planificación integral, totalizadora da Galicia, que sirva a quen está destinado a vivir e construír o que lle queda do seu país, e a quen corresponde participar na continua transformación do seu medio.

Calquera aportación á reforma e orientación actual da política rural e urbana deberá ir necesariamente precedida por unha distinta perspectiva nas estruturas políticas e económicas que a fagan viábel. É, pois, un problema fundamentalmente político, e a súa solución reclama a participación activa de todo o pobo galego interesado en evitar que Galicia caia nunha definitiva e irreversible degradación do mundo construído, da que xa está moi perto. A grande alternativa da Galicia vai quedar decidida en poucos anos. Mentres así non sexa, as nosas vilas, cidades, pobos e aldeas perderán a súa identidade e o seu sentido. En definitiva, a escala humana e o modelo tradicional de espazo urbano desaparecerán e quedarán na historia que nos fará lembrar os illados exemplos que, endebén, resistan á febre do ouro. A arquitectura non terá xa raíña ningunha no pobo como tiña a arquitectura que tan sabiamente soupo construír. Porque mentres unha vivenda responda aos mecanismos de produción dun produto, obxecto de consumo, e non á produción de obras, a arquitectura non será outra da que é e o arquitecto, como o usuario, non serán senón un elemento mais na cadea transmisión do sistema.

E as innovacións tecnolóxicas atenderán só á resolución eficaz e co maior beneficio posíbel das necesidades construtivas e funcionais, sen ter en conta outras consideracións tan dificilmente descritivas e cuantificábeis como a imaxinación, a beleza, a fantasía.

E o sometimento a todo tipo de regramentacións e ordenanzas elaboradas desde fóra dos intereses dos usuarios seguirán impedindo o desenrolo natural e espontáneo dos asentamentos rurais; e a planificación urbana seguirá mantendo encobertamente a estrutura herdada da cidade que respeite todos os intereses actuais sobre o chan.

E os paisanos seguirán asumindo como súas as obras xeradas por un sistema alienante, completamente alleo a eles, que os arrastra e deforma, a pesares da beleza e transparencia da contundente racionalidade das estruturas valeiras e dos recursos para individualizar a súa casa da dos veciños, espírito competitivo que denantes non tiña e nunca necesitou.

